



INFORME-PROPOSTA CONVOCATORIA DO NIVEL AVANZADO¹ DA ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS CURSO 2026-2027

BASES

1. Alumnado con dereito ao acceso ao nivel Avanzado

1.1. Terá dereito o alumno/a que remate coa cualificación de apto/a o Nivel Superior ou Perfeccionamento II da especialidade na que estea matriculado/a, e cumpra coas condicións que se recollen nas presentes Bases.

1.2. Coa vindeira Convocatoria xeral do curso 2026-27 incluírase a posibilidade de presentación de proxectos para o nivel Avanzado de persoas interesadas externas á EMAO que cumpran os requisitos que nesa convocatoria se inclúan.

2. Características xerais do nivel Avanzado

2.1. O Nivel Avanzado consiste no desenvolvemento dun Proxecto de Fin de Estudos previamente presentado e seleccionado conforme ás normas e aos criterios que se explicitan nestas Bases. Este nivel ten carácter presencial, en sesións semanais de dúas horas/catro horas de duración² durante o curso académico. A asistencia será obrigatoria para os /as seleccionados/as, cun máximo de faltas de asistencia xustificadas do 25% do total do crédito horario.

2.2. Ao remate do curso académico, unha vez avaliado e cualificado como Apto/Non apto o proxecto desenvolvido, conforme ao Plan de Estudos da EMAO 2015 (PEMAO2015), certificaranse 70/100 horas³ correspondentes á superación do nivel AVANZADO.

3. Presentación de solicitudes

Para acceder a este nivel o/a interesado/a deberá presentar, nos prazos que se indican na presente convocatoria, un proxecto persoal directamente relacionado coa especialidade cursada. Esta proposta será informada inicialmente polo/a mestre/a titular da mesma tendo en conta as especificidades recollidas no apartado correspondente desta convocatoria.

4. Características e condicións do Proxecto de fin de estudos

4.1. Este proxecto poderá orientarse nalgunha das catro liñas seguintes:

- Investigación
- Producción
- Creación
- Ampliación de coñecementos.

¹ Nivel previsto e regulado no Plan de Estudos da EMAO 2015 (PEMAO2015), aprobado pola Xunta Rectora do Organismo Autónomo EMAO de 16/04/2015 (Documento 2 Redeseño do Curriculum por espe cialidades, Anexo XI) e de Modificación do PEMA02015 de 10/12/2015 -expte. 2166/13).

² Cada especialidade poderá determinar, de común acordo co alumnado, a ampliación de 2 a 4 horas do horario presencial (venres tarde) en función das características do proxecto.

³ Conforme ao acordo Xunta Rectora de data 10/12/2015: *A duración do nivel Avanzado poderá ampliarse en 30 horas por curso se o número e as características dos proxectos presentados así o requirisen. Tal ampliación requirirá o acordo da totalidade do alumnado matriculado no nivel Avanzado nese curso, informe do mestre/a da materia e informe favorable da xefatura de estudos coa conformidade da dirección da Escola e resolución da Concelleira-delegada de Educación. No caso de resolución favorable, na especialidade reducirase en 30 horas o curso/s monográficos programadas para ese ano académico e incrementarase nesas horas a certificación de estudos do alumnado en cuestión.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2026 09:56	Páxina 1 de 4
2034-613	CSV: AAB8A6-D558CA-AAE629-NUS4VC-J3N8M3-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



4.2. O/a alumno/a admitido/a deberá asistir, no horario establecido para o nivel Avanzado en cada especialidade, aos talleres da EMAO, para poder ser asesorado/a e dirixido/a no desenvolvemento do proxecto, en modalidade de tutoría, polo/a docente da especialidade. Isto sen prexuízo de que para o correcto desenvolvemento do proxecto, este necesite realizarse a maiores fóra das instalacións da Escola.

4.3 A selección do proxecto de fin de estudos implica a matrícula na EMAO no nivel AVANZADO da súa especialidade.

4.4. Á finalización do proxecto, que deberá ser rematado antes do fin do curso académico 2026-2027, o/a docente-tutor/a emitirá un informe de valoración no que conste motivadamente se o alumno/a acadou ou non os obxectivos expresos indicados na súa memoria inicial de proxecto.

4.5. As modificacións substanciais do proxecto presentado que se é o caso se propuxesen ao longo do seu desenvolvemento, deberán ser informadas previamente polo profesor/a tutor/a e autorizadas pola Comisión de Valoración citada en 5.2. que se reunirá ao efecto.

4.6. Os materiais necesarios, se é o caso, para a realización do proxecto, serán integramente por conta do alumno/a seleccionado/a, que poderá, en todo caso, utilizar os recursos dispoñibles no Taller e outros propios da Escola que, a xuízo do mestre/a tutor/a, sexan pertinentes.

4.7. Se o proxecto ten como resultado algún produto material, o alumno/a poderá, se así o desexa, facer doazón ou depósito do mesmo para a Escola. A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, a proposta do/a xefe do Servizo de Educación municipal, tralo informe do profesor/atitor/a do proxecto, decidirá se acepta ou non a doazón ou depósito.

4.8. O alumnado seleccionado, de ser o caso, comprométese a permitir e facilitar, durante o prazo mínimo de dous cursos académicos, a exposición pública por parte da EMAO dos elementos materiais produtos finais do desenvolvemento do proxecto, así como, se é o caso, a autorizar a publicación pola EMAO (no formato que considere esta) do proxecto e dos resultados. Os materiais que, se é o caso, se propoñan para exposición, serán seleccionados polo comisariado correspondente, sen que a EMAO adquiera a obriga de expoñer tódolos proxectos realizados.

5. Presentación e selección de proxectos

5.1. Forma e contido do proxecto:

O alumnado que cumpra as condicións requiridas poderá presentar no rexistro da Unidade Administrativa da EMAO (admitirase a presentación da documentación completa por correo electrónico dirixido a emao@vigo.org), nos prazos indicados, o proxecto persoal que conterà **necesariamente**, como mínimo, os seguintes apartados:

- Encabezamento: *Solicitud de selección de proxecto de Fin de estudos curso 2025-26*
- Datos completos do alumno/a
- Nome do Proxecto
- Especialidade
- Liña do proxecto: Investigación, Producción, Creación ou Ampliación de coñecementos
- Sinopse
- Obxectivos xerais e específicos
- Contido
- Temporalización: fases
- Resultado final esperado
- Orzamento estimado e viabilidade económica

5.2 Comisión de valoración

Unha comisión formada pola xefatura do Servizo municipal de Educación (ou técnico/a en quen delegue), xefe de estudos, o/a profesor/a da especialidade e un profesor/a elixido por cada un dos departamentos,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2026 09:56	Páxina 2 de 4
2034-613	CSV: AAB8A6-D558CA-AAE629-NUS4VC-J3N8M3-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



seleccionará, de xeito libre e motivado -previo o informe escrito do profesor/a da especialidade-, aqueles proxectos que considere de interese, valorando os seguintes apartados:

- Fundamentación
- Orixinalidade
- Implicación no proxecto dos coñecementos, técnicas e destrezas adquiridos polo alumno/a durante a súa formación.
- Interese e relevancia que ten no marco da especialidade.
- Capacidade intrínseca do proxecto de xerar novo coñecemento ou fixación de aptitudes e actitudes
- Coherencia e viabilidade
- Viabilidade económica
- Deseño e presentación
- Adaptación á modalidade de titoría
- Creatividade e implicación

A Comisión de Valoración terá como función así mesmo o seguimento continuo do desenvolvemento dos proxectos e a autorización, de ser o caso, de modificación substancial dos mesmos, previo informe do/a profesor/a titor/a. Para tal fin deberá reunirse, ademais das reunións para a selección inicial, canto menos unha vez por trimestre do curso escolar.

A EMAO publicará, no Taboleiro e na web, o listado do alumnado seleccionado para o Nivel Avanzado, facendo constar nome e apelidos do/ alumno/a, especialidade e denominación do proxecto.

6. Prazos

- Do **11 de maio** ao **12 de xuño** de 2026, **presentación de proxectos** por parte do alumnado.
- Do **15 ao 19 de xuño** de 2026, **informe dos proxectos** por parte do profesorado e presentación da ficha docente normalizada de cada proxecto seleccionado á Comisión citada en 5.2.
- **22 ao 26 de xuño** de 2026: estudo e selección de proxectos pola **Comisión de valoración**.
- **1 de xullo** de 2026: exposición pública (taboleiro e internet) do **listado de alumnado e proxectos seleccionados**.

7. Reclamacións á selección dos proxectos

En desacordo coa selección realizada pola comisión de valoración poderá presentarse reclamación polo alumno/a interesado/a, no prazo de un mes contado a partir da data de exposición pública dos listados de admisión.

Corresponde a concelleira da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística en virtude da resolución de delegación de competencias do Alcalde de 28 de xuño de 2024 (BOPPO 9 xullo 2024): Dirixir e xestionar as escolas municipais de música e artes escénicas (EMMA); Escola municipal de música de Vigo (EMMV), Escola municipal de teatro (EMT), Escola municipal de música folk e tradicional (E-TRAD), Escola Municipal de Artes e Oficios (EMAO) e Escola municipal de danza e percusión tradicional (EMD), así como aquelas outras que o Concello considere necesario crear. Ordenar o proceso de acceso, baremación e matriculación, así como aprobar as listas de admisión de alumnado para cada período.

En base ao que antecede, propónse á concelleira da Área de Goberno de Educación en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2026 09:56	Páxina 3 de 4
2034-613	CSV: AAB8A6-D558CA-AAE629-NUS4VC-J3N8M3-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

Aprobar as Bases da Convocatoria do nivel Avanzado da Escola Municipal de Artes e Oficios (EMAO) para o curso 2026-2027

Vigo, nas datas da sinatura dixital

O técnico Responsable de educación de adultos, director en funcións da EMAO.- Ignacio Ojea Pérez.

Conforme:

A xefa do Servizo de Educación.- M. José Loureiro Bada

A Concelleira Delegada de Educación.- M^a Olga Alonso Suárez

DECRETO

En base ao exposto, e de conformidade coa resolución de delegación de competencias do Alcalde de 28 de xuño de 2024 (BOPPO 9 xullo 2024), corresponde a concelleira da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística, dirixir e xestionar a Escola Municipal de Artes e Oficios (EMAO).

Visto o informe-proposta que antecede sobre Bases da Convocatoria do Nivel Avanzado na Escola Municipal de Artes e Oficios curso 2026-27, redactado polo técnico Responsable de educación de adultos e conformado pola xefa do Servizo Municipal de Educación e a Concelleira Delegada de Educación

RESOLVO de conformidade co mesmo.

Vigo, na data da sinatura dixital

A concelleira da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística, Elena Espinosa Mangana (resolución de delegación de competencias do Alcalde de 28 de xuño de 2024, BOPPO 9 xullo 2024) e (Acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de xuño de 2024, publicado no BOPPO nº 134 de 10/07/2024)

Dou fe: a secretaria



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2026 09:56	Páxina 4 de 4
2034-613	CSV: AAB8A6-D558CA-AAE629-NUS4VC-J3N8M3-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		